

Bolsas para a adquisición de LIBROS DE TEXTO do alumnado de 1º, 2º, 4º e 6º Ed. Primaria ou Ed. Especial

(Orde do 22 de maio pola que se convocan axudas para a adquisición de libros de texto destinadas ao alumnado matriculado en 1º, 2º, 4º e 6º de Educación Primaria ou educación especial)

Curso 2015/2016

- **Beneficiarios:** Alumnos que cursen 1º, 2º, 4º ou 6º de **educación primaria ou Educación Especial no curso 2015/2016** (no caso do alumnado que vai a **cursar 4º e 6º de Educación Primaria é requisito imprescindible ter devolto os libros de texto adquiridos coas axudas do curso 2014-15** sempre que ditos libros fosen mercados mediante axudas) (De ser o caso, os libros devolveráanse antes do 19 de xuño de 2015)
- **Documentación:**
 - **Solicitud** que se adxunta cuberta (ANEXO I)
 - **Fotocopia do libro de familia** no cal figuren todos os membros da unidade familiar. **No caso de non ter libro de familia ou se a situación familiar, a día 31 de decembro de 2013, non coincide coa reflectida no libro,** terá que presentarse documento ou documentos que acrediten o número de membros de unidade familiar tales como:
 - Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou o convenio regulador onde conste a custodia do causante.
 - Certificado ou volante de convivencia.
 - Informe dos servizos sociais ou órgano equivalente do concello de residencia, que acredite a situación familiar.
 - Copias do DNI o NIE **SO NO CASO DE NON AUTORIZAR A SÚA CONSULTA NO SISTEMA DE VERIFICACIÓN DE DATOS DE IDENTIDADE** (na solicitude manda asinar a cada un dos membros dita autorización)
 - No caso de **discapacidade** do alumno/a, do solicitante ou dalgún dos membros da unidade familiar incluídos na solicitude deberá acompañarse copia compulsada de:
 - Certificado emitido polo órgano competente do grao de minusvalidez cunha porcentaxe igual ou superior ao 33%
 - Resolución ou certificado emitido pola Seguridade Social de pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez.
 - Ou documentación acreditativa da condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

- No caso de **situación de violencia de xénero no contorno familiar**: documentación acreditativa.

O alumnado matriculado en Educación Especial só deberá presentar a solicitude de axuda.

• **Contía das axudas:**

- Familias *monoparentais*:

- Renda per cápita familiar (ano 2013) ata 6000€: **170€**
- Renda per cápita familiar (ano 2013) dende 6000,01€ ata 9.000€:: **90€**

- *Resto das familias*:

- Renda per cápita familiar (ano 2013) ata 5400€: **170€**
- Renda per cápita familiar (ano 2013) dende 5400,01€ ata 9000€:: **90€**

- O alumnado de Educación Especial ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65% recibirá o importe de **250€** con independencia da renda per cápita familiar.

• **Lugar e prazo de presentación:** No centro escolar ata o **30 de xuño de 2015**

• **Outros datos de interese**

- A finalidade das axudas é a adquisición **exclusivamente de libros de texto**
- O alumnado ten a obriga de **conservar en bo estado os libros de texto** adquiridos na súa integridade con cargo ao importe das axudas, así como **incorporalos**, ao rematar o curso escolar 2015/2016 **a un fondo solidario** que se constituirá no centro (banco de libros),
Exclúese desta obriga ao alumnado de 1º e 2º de educación primaria, así como o de educación especial e aquel cunha discapacidade igual ou superior ao 65%, nos casos en que o material adquirido con cargo á axuda non poida ser reutilizado.

Hai unha copia da orde que regula estas axudas na secretaría do centro.

Tamén pode obter máis información na seguinte dirección

<http://www.edu.xunta.es/web/node/14932> ou na Web do centro

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipluistaboada/>